

Enquisa de servizos ás empresas

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

Os obxectivos da actividade estatística “Enquisa de servizos ás empresas” son os seguintes:

- Analizar e describir as principais características estruturais das empresas incluídas no sector de servizos ás empresas.
- Investigar as principais características de actividade destas empresas.
- Coñecer o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación dentro do sector das empresas de servizos.

A “Enquisa de servizos ás empresas. Ano 2003” ten como obxectivo específico:

- Investigar as principais características estruturais e de actividade das empresas de asesoría, auditoría, consultaría e contabilidade.
- Proporcionar información detallada sobre as características do persoal empregado neste conxunto de actividades.
- Coñecer as actividades e servizos que estas empresas realizan.
- Caracterizar os clientes das empresas de asesoría, auditoría, consultaría e contabilidade.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto da investigación é a formada polas empresas, tanto con sede social en Galicia como fóra de Galicia pero con algún establecemento no territorio galego, con actividade principal en Galicia incluída nas clases 74.12 e 74.14 da CNAE-93. Rev.1:

- 74.12: actividades de contabilidade, rexistro en libros de contabilidade, auditoría e asesoría fiscal.
- 74.14: consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial.

A unidade estatística básica é a empresa que realiza a título principal algunha actividade encadrada nas clases 74.12 e 74.14. Para aquelas empresas con actividade dentro e fóra de Galicia, a unidade básica de análise é a do conxunto de establecementos emprazados na comunidade autónoma de Galicia.

A unidade informante é a empresa.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

Os períodos de referencia son distintos para as diversas seccións do cuestionario. Distínguense os seguintes períodos de referencia:

- **Ano 2003:** este é o período de referencia principal da enquisa, é o utilizado sempre que no cuestionario non se indique outra cousa.
- **30 de setembro de 2003:** utilízase esta data de referencia para os datos relativos ós establecementos e a maioría dos solicitados sobre o persoal ocupado.
- **Trimestres ano 2003:** períodos ós que van referidas algunhas preguntas relacionados co emprego.
- **Ano 2004:** utilízase nas preguntas sobre expectativas.

3. Definicións

Empresa: combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión.

Establecemento: empresa ou parte dunha empresa situada nun lugar delimitado topograficamente, no que se realizan unha ou varias actividades económicas ás que se dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha empresa. Non se contabilizan como establecementos os almacéns por non consideralos como unidades produtoras de bens e servizos. Se polas propias características da actividade esta non se realiza nun lugar fixo, o establecemento é o lugar desde o que se organiza ou coordina tal actividade.

Actividade económica: é a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos, intervindo o traballo, o capital e as materias primas. En xeral, as actividades económicas desenvolvidas por unha empresa ou establecemento poden ser de tres tipos: actividade principal, secundaria e auxiliares.

Actividade principal e secundarias: actividade principal é aquela que xera maior valor engadido. Se non se dispón desta información, considérase aquela que proporcione o maior valor de produción, ou no seu defecto, a que empregue un maior número de persoas ocupadas. As demais actividades produtoras que realice a empresa serán secundarias. A clasificación das actividades determínase segundo a “Clasificación nacional de actividades económicas de 1993. Revisión 1” (CNAE-93 Rev.1).

Actividade auxiliar: aquela que se realiza en apoio dunha actividade produtora e que ten as seguintes características:

- Produtos que non son vendidos no mercado.
- Tal actividade existe, en canto ó seu tipo de importancia, en unidades de produción semellantes.
- Serve unicamente á unidade estatística de produción da que dependen.
- Contribúe ó custo de factores da unidade estatística da que depende, pero non xera formación bruta de capital fixo.

Superficie: é a superficie total dun establecemento, isto é, a comprendida dentro do polígono do local, expresada en metros cadradas e, no seu caso, pola suma de todas a súas plantas.

Responsable da empresa: é a persoa que dirixe e administra os negocios tendo a suficiente autonomía para a toma cotiá do maior número de decisións necesarias; ademais, é a que leva a firma nunha empresa.

Persoal ocupado: comprende tódalas persoas que contribúen, mediante o seu traballo, á produción de bens e servizos, ou que realizan actividades auxiliares na empresa. Inclúense como persoal ocupado as persoas con licenza por un período de curta duración, persoal en folga e as persoas que traballan fóra da empresa pero que forman parte da mesma e son pagadas por ela. Este persoal clasifícase, segundo a remuneración, en persoal asalariado e non asalariado, e segundo o tipo de xornada laboral, en persoal a xornada completa e a xornada parcial:

- **Persoal asalariado ou remunerado:** conxunto de persoas que traballan na empresa cun contrato de traballo de carácter **fixo** (contrato ou vinculación indefinida) ou **eventual** (contrato de duración determinada) e que percibe por iso unha remuneración fixa ou periódica en forma de soldo, salario, comisión ou pago en especie.
- **Persoal non asalariado:** está formado polas persoas que participan activamente nos traballos da empresa sen percibir unha remuneración fixa de ningún tipo. Inclúense os propietarios, socios autónomos que exercen unha actividade na empresa e as axudas familiares. Non están incluídos os socios exclusivamente capitalista nin os familiares do propietario que non participen activamente na empresa.
- **Persoal a xornada completa:** é o persoal ocupado que traballa un número de horas á semana considerado normal no sector ou tipo de empresa estudado.
- **Persoal a xornada parcial:** está formado polas persoas que traballan un número de horas menor que as consideradas normais no sector ou na empresa.

Persoal externo: conxunto de persoas que non figura en nómina e que produce gastos debidos a unha contratación de servizos.

Horas traballadas: son as horas efectivamente traballadas no ano de referencia. Comprende as horas realmente traballadas (normais e extraordinarias) durante os períodos de traballo; o tempo dedicado no lugar de traballo á preparación de ferramentas, elaboración de fichas de control, et.; a duración de tempos mortos no lugar de traballo producidos por falta ocasional de traballo; así como o tempo correspondente a breves períodos de descanso no lugar de traballo (almorzo, ...). Deben excluírse as horas pactadas pero non traballadas por motivos de enfermidades, folgas, vacacións, ..., as interrupcións para as comidas e as horas empregadas no camiño do domicilio ó lugar de traballo.

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa durante o ano de referencia por prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa. As vendas contabilízanse sen incluír o IVE repercutido ó cliente. Contabilízanse en termos netos, deducindo as devolucións das vendas, así como os rappels sobre as vendas. Non se deducen os descontos de caixa nin os descontos sobre vendas de pronto pago.

Ocupados por empresa: cociente entre o número medio de ocupados ó longo do ano e o número total de empresas.

Taxa de asalariados: porcentaxe do número medio de asalariados fronte ó número medio de ocupados totais ó longo do ano.

Taxa de estabilidade no emprego: proporción do número de asalariados con contrato fixo a 30 de setembro sobre o número total asalariados na mesma data.

Taxa de participación feminina: porcentaxe do número de mulleres ocupadas a 30 de setembro fronte ó número total de ocupados na mesma data.

Taxa de emprego feminino asalariado: proporción do número do emprego asalariado feminino a 30 de setembro fronte ó número total de asalariados na mesma data.

Taxa de externalidade no emprego: porcentaxe que supón o persoal externo medio no ano sobre o persoal total (externo máis ocupado) medio no ano.

4. Deseño da mostra

Marco

O marco utilizado foi elaborado a partir do *“Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2001”* elaborado polo IGE.

Tipo de mostraxe

A poboación de empresas estratificouse segundo o seu tamaño, medido polo número de ocupados asalariados. Os estratos formados son:

Estrato 0: sen asalariados

Estrato 1: de 1 a 3 asalariados

Estrato 2: de 4 a 9 asalariados

Estrato 3: máis de 10 asalariados

Dentro de cada estrato, realízase unha mostraxe probabilística en dúas fases:

1. Unha mostraxe unietápica na que se seleccionan con probabilidade un as unidades estatísticas a partir dunha porcentaxe acumulada da cifra neta de negocio correspondente ó estrato, estratos auto-representados (A).
2. Unha mostraxe aleatoria estratificada por afixación óptima sobre o resto de unidades de cada estrato, estratos co-representados (C).

Tamaño da mostra

Para a determinación do tamaño da mostra aplicáronse as fórmulas da mostraxe estratificada fixando un erro de mostraxe máximo do 3% para cada estrato e do 1,42% para o total. O tamaño de mostra resultante é de 580 unidades.

O tamaño de mostra obtido finalmente foi de 486 unidades, tamaño que dá un erro de mostraxe relativo do 1,51%.

Estimadores

Os estimadores utilizados son os estimadores insesgados de mostraxe estratificada.

O estimador insesgado do total dunha variable X será:

$$\hat{X} = \sum_{h \in A} \sum_{i=1}^{n_h} X_{hi} + \sum_{h \in C} F_h \sum_{i=1}^{n_h} X_{hi} = \sum_{h \in A} x_h + \sum_{h \in C} F_h x_h$$

e da súa media

$$\hat{\bar{X}} = \frac{\left(\sum_{h \in A} \sum_{i=1}^{n_h} X_{hi} + \sum_{h \in C} F_h \sum_{i=1}^{n_h} X_{hi} \right)}{N} = \frac{\left(\sum_{h \in A} x_h + \sum_{h \in C} F_h x_h \right)}{N}$$

onde,

A= conxunto de estrato auto-representados

C= conxunto de estratos co-representados

$$F_h = \frac{N_h}{n_h} \text{ para } h \in C,$$

N_h o tamaño poboacional do estrato h; $N = \sum_h N_h$

n_h o tamaño da mostra inicial no estrato h

X_{hi} o valor na unidade i-ésima do estrato h

x_h o total da mostra en dito estrato

Sen embargo, debido ás diversas incidencias que ocorreron na realización dunha enquisa, o tamaño efectivo da mostra por estrato é inferior ó teórico. Como consecuencia, o factor de elevación utilizado nas estimacións é:

$$F_h^* = \frac{N_h}{n_{h,e}} \text{ para } h \in C, A$$

onde

$n_{h,e}$ é o tamaño da mostra finalmente recollido no estrato h

Así, os estimadores utilizados son:

$$\hat{X} = \sum_{h \in A} F_h^* x_h + \sum_{h \in C} F_h^* x_h$$
$$\hat{\bar{X}} = \frac{\left(\sum_{h \in A} F_h^* x_h + \sum_{h \in C} F_h^* x_h \right)}{N}$$

5. Recollida da información

Método de recollida

A recollida realizouse do 25 de maio ó 10 de setembro de 2004.

O método principal de envío dos cuestionarios xunto co material auxiliar foi o correo ordinario. Os métodos de recepción utilizados foron o correo, o fax, o teléfono e o correo electrónico. A recollida presencial utilizouse so subsidiariamente cando así o solicitaba o entrevistado.

Cuestionarios

O cuestionario da enquisa consta de trece apartados que se poden agrupar en seis bloques:

- Identificación e descrición das actividades da empresa enquisada.
- Información sobre as características dos establecementos da empresa, así como a organización e os responsables da mesma.
- Emprego en Galicia.
- A cifra de negocios en Galicia e a súa desagregación por actividades e tipo de clientes
- Equipamento tecnolóxico.
- Expectativas de cara o ano 2004.

6. Presentación de resultados

A difusión dos resultados desta actividade realízase na páxina web do IGE e nun folleto específico que, nun formato de táboas e gráficos comentados, contén os principais resultados.

A continuación expóñense as principais variables de clasificación que se utilizaron para facer as distintas táboas.

Características relativas ás empresas en Galicia

Actividade principal: as empresas investigadas clasifícanse por actividade principal segundo a “Clasificación nacional de actividades económicas de 1993. Revisión 1” (CNAE-93 Rev.1) nas clases:

- 74.12: actividades de contabilidade, rexistro en libros de contabilidade, auditoría e asesoría fiscal.
- 74.14: consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial.

Ano inicio da actividade

Tipo de propiedade: información sobre a pertenza da empresa a un grupo empresarial e sobre a participación por outras empresas ou socios no seu capital social. Por grupo enténdense aquel conxunto de sociedades xuridicamente independentes que axustan as súas actuacións ás normas e ditados dunha dirección común.

Tipo de organización: clasificación das empresas segundo sexan: independentes ou non.

Perfil do responsable: considéranse os seguintes tipos ou perfís de responsables: o propietario, un xerente (asalariado) ou outro tipo.

Contratación do persoal: analízase a entidade que realiza a selección e contratación do persoal e o método de busca de traballadores.

Unidade que realiza o proceso: sede central empresa, establecemento e outra situación.

Métodos de busca utilizados: as tipoloxías consideradas son anuncios en prensa e internet, INEM, contactos persoais e outros métodos.

Disponibilidade de determinados equipamentos e servizos: ordenador, teléfono móbil, fax, conexión a internet, correo electrónico, central telefónica, páxina web en internet e rede de área local (LAN).

Uso da internet e comercio electrónico

Expectativas de evolución: clasificacións das empresas segundo sexa a súa expectativa de evolución, no emprego e na cifra de negocio, cara un incremento, unha estabilidade ou un descenso.

Características relativas ós establecemento

Localización: en Galicia e fóra de Galicia.

Actividade principal: atendendo á actividade principal do establecemento, este pode clasificarse nos seguintes grupos,

- CNAE 74.12: actividades de contabilidade, rexistro en libros de contabilidade, auditoría e asesoría fiscal.
- CNAE 74.14: consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial.
- Outra distinta das anteriores.

Réxime de posesión: os establecementos poden ter os seguintes réximes de tenza: propiedade, arrendamento, cedido gratis e outros.

Factores influentes na súa localización: os factores analizados son centro urbano, proximidade ós clientes potencias, establecemento en posesión, baixo custo e outros.

Características do persoal ocupado

Remuneración e réxime do contrato: non asalariados e asalariados, fixo ou eventuais.

Duración da xornada: completa ou parcial

Sexo

Nivel de formación: Atendendo ó nivel máis alto de estudos rematados polos ocupados, temos a seguinte clasificación do nivel de estudos harmonizada coa Clasificación Nacional de Educación 2000 (CNED-2000):

- Analfabetos, estudos primarios e secundarios de primeira etapa.
- Estudos secundarios de segunda etapa: ensinanzas de bacharelato e formación profesional de grao medio.
- Educación superior: formación profesional de grao superior e universitaria.

Idade

Antigüidade ou tempo de permanencia na empresa

Características do persoal externo

Motivos contratación: o persoal externo caracterízase segundo os motivos de contratación en: exceso de carga de traballo, realización dunha tarefa concreta e outros motivos.

Características do importe da cifra de negocios en Galicia

Tipo de actividades ou servizos realizados: Atendendo ó tipo de actividade ou servizo realizado, a cifra de negocio desagregase en:

- Auditoría: refírese ós servizos de exame de libros e rexistros contables e outros documentos dunha organización co fin de determinar se o balance da mesma reflicta con claridade e

exactitude a súa situación patrimonial nunha data determinada, e si os resultados das súas operacións durante o exercicio que remata en dita data foran rexistrados segundo os criterios de contabilidade xeralmente admitidos. É dicir, abarca a verificación e legalización das contas anuais.

- Contabilidade e garda de libros contables: refírese a,
 - a) os servizos de verificación de balances anuais, intermedios e doutra documentación contable cun alcance máis restrinxido co do a auditoría.
 - b) os servizos de compilación de estados financeiros a partires da información subministrada polo cliente, sen a verificación nin garantía particular.
 - c) os servizos de preparación da declaración do imposto de sociedades, cando efectúase conxuntamente coa compilación de estados financeiros a cambio dunha soa retribución.
 - d) os servizos de certificacións, taxacións, preparación de documentos pro forma e outros servizos de contabilidade.
 - e) os servizos de rexistro de libros consistentes na clasificación e rexistro nos libros de contabilidade das operacións dunha empresa expresadas en termos monetarios ou noutra unidade de medida.
- Asesoría fiscal:
 - a) os servizos de asesoramento ás empresas e particulares co fin de minimizar os seus impostos.
 - b) os servizos de elaboración e xustificación de estados financeiros ou documentos en respostas ós requirimentos das autoridades fiscais.
 - c) os servizos de asistencia ás empresas na planificación e control dos impostos e na preparación da documentación que require a lexislación.
- Xestión administrativa e laboral: inclúe, entre outros, os seguintes conceptos: tramitación de subvencións, expedientes e certificacións; redacción de memorias e proxectos; elaboración e confección de nóminas; xestión de multas e sancións; tramitación de marcas, nomes comerciais, patentes e rótulos; tramitación de licencias de obras; licencias de caza e pesca; intervención de armas; matriculacións, certificacións, transferencias e baixas de vehículos; permisos e renovacións; alta de establecementos de hostalería.
- Asesoría empresarial: abrangue a:
 - a) os servizos de asesoramento, orientación e asistencia operativa prestados ás empresas para levar a cabo a súa planificación, estruturación e control global.
 - b) os servizos de asesoramento, orientación e asistencia operativa prestados ás empresas para levar a cabo a súa política e estratexia, fusións e adquisicións.
- Asesoría financeira: refírese ós servizos de asesoramento, orientación e asistencia operativa prestados ás empresas, relativos ás áreas de decisión e cuestións financeiras. Entre outros, poden ser: xestión do capital e da liquidez; determinación da estrutura do capital; asesoramento e proxectos de inversións financeiras; colaboración na procura de financiamento; operacións de leasing e renting; análise e desenvolvemento de propostas

contables e controis orzamentarios; valoración de empresas; realización de estudos económico – financeiros e de viabilidade.

- Asesoría laboral: recolle os servizos de asesoramento, orientación e asistencia operativa prestados a unha organización sobre administración de recursos humanos, control das funcións e desenrolo dos recursos humanos.
- Asesoría en relacións públicas: inclúe os servizos de asesoramento, orientación e asistencia operativa prestados ás empresas ou persoas para mellorar a súa imaxe e as súas relacións co exterior.
- Asesoría xurídica: refírese á constitución e legalización de sociedades; redacción e modificación de estatutos; xestión de comunidades de bens; contratos societarios; fusións e escisións; xestión de quebras e embargos; disolución de sociedades; herdanzas e testamentos; doazóns, arrendamentos e suspensión de pagos, entre outras.
- Asesoría inmobiliaria, administración de fincas: inclúe a captación de fincas; a compra e/ou arrendamento de pisos, fincas, locais e terreos; a xestión da propiedade horizontal; estudo e valoración de permutas; asesoramento e tramitación de hipotecas; taxacións e peritaxes; proxectos e dirección de obras.
- Asesoría informática: abarca estudos do equipamento necesario nas empresas; a implantación de redes informáticas; asesoramento na adquisición de hardware e software; deseño e aloxamento de páxinas web; subministro de software.
- Seguros
- Outras actividades e servizos: organización de viaxes e congresos, servizos medioambientais, control da calidade, docencia e formación, outros.

Tipo de clientes: considéranse os seguintes tipos de clientes:

- Particulares
- Empresas: agrarias e pesca, industriais, construción e servizos.
- Administración pública

Localización dos clientes: a cifra de negocio clasifícase segundo o ámbito dos clientes en: local, comarcal, provincial, autonómico, nacional e internacional.

Antigüidade dos clientes

Concentración dos clientes